



"Mulleres" / FOTOS: Arquivo Pacheco

"Pareceunos oportuno comezar por unha franxa social tradicionalmente esquecida"

Vitor Vaqueiro

-Por que elixiron Vdes. as fotografías de mulleres para facer a primeira exposición do Arquivo Pacheco dende a súa reapertura?

-Durante anos, fixéronse exposicións de carácter xeral que mostraban o que gusta á inmensa maioría da xente: a cidade, a súa arquitectura, as mudanzas da mesma, o urbanismo... xunto, naturalmente, cos acontecementos importantes da historia viguesa. Ora, hai tres anos desenvolveuse unha exposición, *Marcas de luz*, de carácter claramente temático: a fotografía de estudio. Nós quixemos agora conectar aquela exposición con esta, tentando inserir entre a cidadanía a idea de continuidade; suxerir que coidamos preciso que a colección que os Pacheco deixaron se expoña de maneira permanente e que non existan máis interrupcións. Xa no que se refire á escolla de fotografías de mulleres, pareceunos oportuno comezar por unha franxa social tradicionalmente esquecida, secundarizada, oculta. Por iso, nesta exposición desexamos mostrar as dúas facetas da muller: a privada e a pública; a individual e a colectiva; a pasiva e a activa.

-Cantas imaxes compoñen a mostra; de que anos son e que temáticas se plasman nelas?

-As imaxes son un total de noventa e catro e abranxen o período que vai dende a fronteira dos séculos XIX e XX deica os anos 60. As temáticas son variadas e mostran diferentes roles femininos: estudante, traballadora, deportista, freira, profesora... exercitante do lecer ou dedicada a tarefas de axitación relixiosa ou política. En resumo, unha representación o máis ampla posíbel dos papeis da muller en dita xeira.

-Poden considerarse como a memoria gráfica da evolución que experimentou a

A Casa das Artes de Vigo acolle, ata o vindeiro 10 de xaneiro, a exposición Mulleres. Preto dun centenar de fotografías procedentes do Arquivo Pacheco -dirixido por Vitor Vaqueiro-, que abranxen dende 1910 deica 1960, e nas que se mostran as dúas facetas da muller: "a privada e a pública; a individual e a colectiva; a pasiva e a activa".

NATALIA ÁLVAREZ

samente reorientada pola ideoloxía, sexo, relixión (ou ausencia de), procedencia xeográfica e social ou idade da persoa que olla a imaxe. Polo tanto, só podo responder dende o meu punto de vista persoal e pondo en xogo a miña propia subxectividade. Para min, conforma unha evidencia que o triunfo do golpe de estado de 1936 fixo recuar a Galiza décadas. Neste sentido, enmarcando as imaxes na miña persoal visión do mundo, respondería afirmativamente á túa pregunta. Eu vexo unha modernidade, na acepción máis nobre do termo, nas mulleres deportistas dos anos da República, que non son quen de al-

biscar nas décadas ou tres décadas máis tarde. Por poñer un exemplo, a min o período das continuas procesións, dos permanentes desfiles militares... dos anos, en resumo, da Ditadura, párecenme un tempo sórdido, de miseria ética e cultural, no que a hipocrisía era a raíña da festa. Mais, insisto, iso non se ve nas fotografías. As fotografías están constituídas por un conxunto de tons pretos, brancos e cincentos que permiten interpretacións amplísimas. Como sinala Régis Debray, podemos retorcerlle o pescoco a unha fotografía até conseguir que diga o que nós desexamos que diga. Iso non é posíbel, ou é menos posíbel,



FOTO: ELÍ REGUEIRA

"As imaxes mostran diferentes roles femininos: estudante, traballadora, deportista, freira..."

no caso dun texto escrito.

-Que caracteriza ás fotografías de estudo feitas por Pacheco? É diferente a súa estética das tomadas na rúa?

-En realidade, as fotografías de estudio de Pacheco non posúen unha caracterización tan radicalmente específica que as individualice das que se estaban a facer na súa contorna no tempo no que el fotografou, aínda que máis correcto sería dicir *elas*. Digo o de *elas* porque baixo o apelativo de *Pacheco* existen moitas voces, até o punto de que de-



Viguesas de outrora na colección Pacheco. / FOTOS: Arquivo Pacheco

beríamos afacer nos a falar dos Pacheco e non de Pacheco. Baixo este apelativo figura, naturalmente, o fundador, Jaime de Sousa Guedes Pacheco, mais tamén os seus sobriños César e Horacio (autor de fotografías publicadas, por exemplo, en *Vida Gallega*), e, naturalmente, os seus fillos Jaime e Alberto, este último, por certo, aínda vivo. Un traballo importante, entre os moitos que quedan por facer sobre o legado fotográfico dos Pacheco, consistirá en asignar até onde for posíbel a

dito sexa todo isto con grandes precaucións. Mesmo o propio termo "arquivo" non axuda moito a clarificar as cousas, porque "arquivo" partilla unha zona do campo semántico de "inventario", "registro", "extracto", "certificado" e outros, remitindo, mesmo se quixermos inconscientemente, a ideas como "burocracia" ou "atestado" nas cales fica ausente a noción de produción cultural.

«O pasado xullo púxose a disposición do público unha parte do Arquivo. Foron moi-

«É preciso que a colección que os Pacheco deixaron se expoña de maneira permanente»

Desexaríamos que toda a cidadanía puidese ter acceso a elas, mais, infelizmente, aínda non estamos en condicións de podermos satisfacer ese desexo. A nosa intención sería colocar un número razoábel nun prazo tsamén razoábel na Internet.

«Xa teñen dixitalizadas unas 60.000 imaxes. Vai a bo ritmo este proceso?»

«É preciso indicar que o proceso de dixitalización, se se desexa facer con rigor, é vagaroso. Supón a limpeza da placa, a dixitaliza-



FOTO: ELI REGUEIRA

autoría das diferentes imaxes, partindo, desde logo, da base que a inmensa maioría das fotos de estudio foron realizadas por Jaime Pacheco.

«Vostede ten afirmado que as imaxes do Arquivo Pacheco non só teñen valor documental, senón tamén estético...»

«Así é. Eu penso que existe un certo pendur a cualificar a colección fotográfica dos Pacheco como algo dun grande interese documental, pero desprovido, até certo punto, de valor "estético". En realidade, hoxe, e desde hai ben de anos, esa relesión non ten moito sentido, xa que suxire unha división que é de seu traizoeira, ao aparentar que existen fotografías "documentais" e "estéticas", co cal as "documentais" non serían "estéticas". As novas vías de reformulación do documentario, tanto na fotografía como no cinema, fan sobexa esta división. Máis ben cumpriría falar de boas e más fotografías, de fotografías que articulan un discurso e de fotografías ocas,

«O programa Indagacións pon a dispor da cidadanía arredor de 4.000 imaxes»

«tos os cidadáns que se achegaron ao longo destes meses?»

«Efectivamente, púxose en marcha un programa titulado *Indagacións* que, en esencia, tenta poñer ao dispor da cidadanía unhas poucas fotografías, arredor de 4.000, e tamén comezar a recoller información dirixida á base de datos que se elaborou. Trátase dun labor vagaroso, que se podería dicir que non ten fin, xa que o legado dos Pacheco debe situarse arredor dunhas 150.000 fotografías. Neste sentido, cómpre sinalar que aínda que o público desexa, licitamente, que as exposicións se sucedan unha tras doutra, debo matizar que é preciso levar a cabo certos labores de infraestrutura, de pouco lucimento que, porén, son esenciais para a pervivencia futura da colección.

Hai poucos días, ademais, púxose ao dispor de persoas dedicadas á investigación un conxunto doutras 25.000 fotografías que esperamos sexan unhas 50.000 ao final de ano.

ción en si, o retoque de parámetros, o arquivado final, a clasificación... Unha persoa competente pode dixitalizar, co criterio que sinalo, unhas 100 fotografías diarias, que é o ritmo no que estamos. Iso dará un período de máis de catro anos. Esperemos que poidamos, nesa data, ter a colección dixitalizada.

«Tras Mulleres, teñen Vdes. en mente organizar a curto e medio prazo máis exposicións "temáticas" cos fondos do Arquivo?»

«Dicía Mark Twain, coa ironía que o caracterizaba, que "é difícil facer predicións, sobre todo aquelas que se refiren ao futuro". Así e todo, ese é, certamente, o noso propósito. Como sempre, serán os orzamentos e mais o factor económico os que marquen o ritmo e a evolución futura dos traballos. Eu prefiro consignar o que xa está feito, como por exemplo a *Axenda Fotográfica 2010* e o libro *Mulleres* correspondente á exposición do mesmo nome que en poucos días estarán ao dispor de quen o desexe.